

# Coa música a esta parte

## XV EXPOSICIÓN

### CEDOFEITA

## Músicos de Lérez e instrumentos

*Jaime Iglesias González*

Xa son quince as exposicións que a Asociación Cedofeita vén organizado ano a ano, a comezos de agosto, no vetusto marco do mosteiro de Lérez. Nesta ocasión, baixo o título *Coa música a esta parte*, presentouse un panorama da música en Lérez desde finais do século XIX ata a actualidade. Acubillados nun pétreo salón, os visitantes puideron observar unha serie de instrumentos, traxes e outros elementos, así como coñecer, por medio de fotografías e textos, unha variedade de artífices lerezáns relacionados coa música.

### INSTRUMENTISTAS E CANTANTES

Alí estaban máis dunha vintena de instrumentistas: trompetistas, clarinetistas, saxofonistas, acordeonistas, pianistas, guitarristas... Claro que moitos deles desenvolvíanse con dous ou máis instrumentos, como Pepe Simón que ademais do contrabaixo tocaba o violín e dáballe un xeito ó acordeón; Ramos, sendo clarinetista, tamén dominaba o piano e o saxo; Sabino Chan é teclista e acordeonista o mesmo ca Manolo Canosa que ademais é voz solista; as circunstancias fixeron que Monolo Pérez, trompetista, tamén tocase o trombón e o baixo; Aurelio Abilleira controla a trompeta e a guitarra; pero o todoterreo musical é, sen dúbida, Elías Simón que chegou a tocar a trompeta, o violín, a harmónica, o laúde e a gaita.

Todos eles teñen un currículo especial, pero non podo deixar de mencionar certos aspectos dalgúns deles. José González "Carballo" (clarinete, violín e harmonio) estivo sempre moi implicado no mundo musical; tocou moitos anos na popular orquestra *Montes* coa que actuou en varios países europeos e acompañou figuras da canción, como Machín, o *Dúo Dinámico* (na rodaxe de *Botón de Ancla*) e Betti Messiego; realizou arranxos e composicións (premiado

en Marín, 1973; Ourense, 1974) e desde o *Sindicato de Músicos*, do que foi presidente, conseguiu a seguridade social e subsidio de paro para o gremio.

Constante Estévez, o Chapela, acompañaba co acordeón os veciños que fan a san Brais e ós Milagres ou a outra romaría; como tiña taberna no Castelo, animaba os clientes a que deixasen unha chica ou un pataco para un fondo común que se destinaría a sufragar os gastos de cada festa; o que quixese podía escoitar unha misa, pero todos comían, bebían, bailaban ó son do acordeón de Constante e cantaban, entre outras, : *Viva a festa, viva a festa / viva a festa do Castelo / e no medio desta festa / viva Constante o Chapelo*. Tamén Eligio Pérez foi acordeonista desde moi novo, aínda que se diplomou de maior no Brasil onde deu clases a nenos cos que formaba sonoras bandas de acordeóns.



*Orq. Florida, con Diosiño ó acordeón*

Severiano Casalderrey, malia ser un dos máis novos da exposición, é licenciado en Historia da Arte (sección de Música) e Profesor Superior de Piano. Exerce como profesor de Música no Instituto de Lalín e no Conservatorio da mesma vila. Ten dado numerosos concertos como solista, en dúos e agrupacións.

Non podían faltar nesta mostra os cantantes, entre eles atópanse os animadores ou vocalistas que, en boca de Carlos Argibay, *eran os máis admirados das orquestras*, aínda que cada un tiña a súa particularidade. Así, o citado Carlos prefería as cancións melodiosas; Donato Moldes gustaba de acompañar os seus cantos cunhas sonoras maracas que manexaba con mestría; os Pícolos, Santiago e Manolo, aprendían axiña as últimas cancións de moda; o seu curmán, Santi González lucíase cos cantos de corte tropical. Mesmo cada unha das tres vocalistas femininas da exposición posuía a súa característica: Feli tiña especial querenza pola canción mexicana; Marilu gustaba da canción española; e Vanesa cantaba moi ben as sevillanas.

Houbo, ademais, outros cantantes singulares. Manolo Casalderrey foi unha voz prodixio do Castelo que tronzou a prematura morte despois de andar por Barcelona; Tiniño cantaba por *hobby* animando reunións familiares e en bares e tabernas; Paco Barbeito interpretaba para familiares e amigos cancións de Machín coas que gravou dous discos compactos. Félix Cons, cantautor da *nova canción galega* (década dos setenta), en cuxo repertorio,

maioritariamente en galego, atópanse letras comprometidas -algunhas delas recollidas en dous *singles*- que, malia o control político do momento, levou por toda Galicia, gran parte de España e varias localidades portuguesas,

A maioría dos músicos e cantantes estiveron enrolados en recoñecidas orquestras (*Estrellas del Jazz, Brasil, Montecarlo, Palma, Florida, Poceiro, Montes...*) ou conxuntos (*Los Capris, Los Estelares, Los Brindys, Malkeda...*) que actuaban maioritariamente en Galicia, tendo moi boa aceptación en Asturias, León. Con todo, houbo saídas fóra desas zonas, por exemplo, Aurelio estivo en Benidorm dous veráns con *Los Brindys*, Santi González chegou ata Jerez coa *Nueva Cracci*, Carlos Argibay actuou nas festas do viño de San Asensio (A Ríoxa) co grupo *Álamo*, Canosa foi varios anos polo Apóstolo a Sestao cos *Estelares*, Barrio tocou a gaita en Denia co *Grupo de Gaitas da Asociación de Veciños*. É de destacar o éxito que a maioría destas orquestras tiñan no norte de Portugal e que algunhas delas traspasaron os Pirineos para actuaren en Francia, Suíza, Alemaña e Países Baixos e cruzaron o Atlántico para tocaren en Bos Aires.

## GRUPOS DE GAITAS E GAITEIROS

A década dos corenta, malia seren anos de penuria xeral, en Lézor foron fecundos na creación de grupos de música tradicional. Dos sete mostrados, tres xurdiron nesta época. Probablemente, *Os Alegres de Lézor* foi o primeiro



*Estrellas de Jazz. Trompetista Aurelio o "Beisudo"*

deles; estaba formado polo *Rutilo* que batía no bombo, o *Rosquilleiro* que tanguía a caixa e o *Canicouva* que tocaba a gaita; este, cando *O Rutilo* e *O Rosquilleiro* se retiraron, incorporou os fillos ó grupo, polo que tamén eran coñecidos popularmente polos *Canicouvas*; polo entroido organizaban o *enterro da sardiña*, talvez en colaboración con Juan Dios que facía letras de especial frescura.

Aínda que o señor Manolo, o *Jaita*, xa formara parte doutras formacións de Bora, parroquia onde nacera, os fillos Pepe e Manolo xunto con Jaime Simón e Mené (Rafael López, o *Lombriga*) constituíron un grupo que durou aproximadamente un quinquenio, pero Manolo, aproveitando as reunións familiares, seguiu tocando a gaita en Venezuela, país ó que emigrara. A terceira formación foi *Os Satélites da Ferreira* creada por José Benito Piedras, o *Benitiño*, e José Castro, o *Maneta*; ó incorporaren ó grupo un clarinete e un saxo formaron unha charanga á que chamaron *Os Lirios* que, como a maioría dos seus compoñentes eran de Campañó, a xente rematou chamándolles *Os Lirios de Campañó* que, ademais de música, interpretaban cancións simples e graciosas que eles mesmo argallaban como: *Os Lirios de Campañó / a san Pedro van tocar / e o día de santo Paio / moito te van vacilar*.

Nos anos sesenta decaen estas agrupacións ata desapareceren e houbo que esperar ata finais da década seguinte para vermos xurdir novas agrupacións. Así, en 1978 aparece o *Grupo de Danzas do Centro Cultural de Lérez (Teleclub)* que contou coa colaboración desinteresada de Manuel Franco, *Franquiño*, como profesor de música e, malia ter unha duración de pouco máis dun ano, realizou unha intensa actividade, conseguindo a participación de máis de sesenta nenos e nenas, cuxas idades oscilaban entre os seis e os dezaseis anos, dedicados a baile, gaita e percusión. Ó ano seguinte, Manuel Franco, home namorado da música tradicional, crea o seu propio grupo ó que denomina *Agrupación de Gaitas San Benitiño de Lérez* que el mesmo ensaia e tamén dirixe con acerto o grupo de baile, malia que nunca bailara na súa vida. Non pasara moito tempo cando, Teresa Míguez, da Piolla, organiza *Airiños do Lérez* cuxa parte musical dirixiu o reputado gaiteiro Ricardo Portela,

ensaiano a mesma Teresa o grupo de baile. En 1981, un alumno de *Franquiño*, Sabino Outeda, promove unha nova agrupación, *Os Vagalumes*, con xente cativa pero traballadora, xuntamente cun grupo de baile que ensaiaba a súa dona Amparo. Actuaron ata 1990 o mesmo cá agrupación de Franco. Tamén existiu un grupo de gaitas promovido en 1986 pola *Asociación de Veciños* que tivo curta duración.

Desde aquela, Lérez non conta con grupos de música tradicional, aínda que na actualidade existen entusiastas e prestixiosos gaiteiros. Manuel Casalderrey levou consigo a música galega ás Canarias, onde vive por razóns profesionais, organizando un grupo de gaitas no *Centro Gallego de Las Palmas*, no que integrou xubilados e xente nova non só de orixe galega, senón nados nas illas e noutras latitudes, como a súa noiva, Ana, de ascendencia asturiana. O seu irmán Juan, ademais de gaiteiro, é profesor de gaita e mestre palleteiro de sona, de cuxa artesanía imparte cursos; as súas palletas e pallóns son requiridos por prestixiosos fabricantes de gaitas como Seivane ou Antón Corral. Álvaro Novegil está considerado actualmente como unha figura senlleira da gaita galega, foi creador do cuarteto *Aires de Pontevedra*, cofundador da primeira *Escola de Gaitas en Toque Pechado* desta cidade, leva impartido cursos de gaita en numerosas localidades galegas e españolas e ten no seu haber merecidos premios.

## OUTROS ARTÍFICES DA MOSTRA

Xa citamos a Pepe, Elías e Jaime Simón; tamén Juan tocaba o acordeón; formaron parte de acreditadas orquestras e os catro constitúen a segunda xeración musical dos Simón, pois o seu pai, Manuel, era un popular acordeonista que actuaba polos bares de Pontevedra, ademais de amenizar bailes e vodas; pero a música ten intérpretes da terceira e cuarta xeracións dos Simón e, se cadra, vainos ter en sucesivas porque xa hai crianzas que prometen.

Tamén os Diosiño constitúen unha estirpe de músicos que xurdiu a finais do XIX en Casal Novo co señor Dios. O seu fillo, José Benito Dios Reboreda, acordeonista, engaiolou os fillos coa música, aínda que foi César Luís, o Diosiño, o que máis sona acadou; este excepcional acordeonista fundou a

emblemática orquestra *Florida* e despois integrouse nos *Blues de España* cos que percorreu os países escandinavos; retirado, actuou en numerosos festivais benéficos e en 1995 concedéuselle a Medalla de Bronce de Galicia. Juan, irmán de José Benito, organizaba comparsas de entroido. Tivo tres fillos, dous deles músicos, e Elisa, que cantaba ben, é a nai do xa citado Manolo Canosa Dios, quen fai chegar os Diosiño á cuarta xeración musical.

Existen outras familias de músicos como os *Jaita*, os *Canicouva* ou os *Casalderrey*, sen contar aqueles casos con ascendentes musicais como Félix Cons cuxos pais cantaban ben ou Sabino Chan que herda do avó Vicente a paixón polo acordeón. Non faltan músicos con descendentes que cantan ou tocan algún instrumento por *hobby* ou como terapia.



Amparo (gaiteira) e outros membros de *Os Vagalumes*

Tamén estiveron presentes nesta mostra o actual *Coro de Igrexa*, de curta pero intensa historia; a *Rondalla Juventud Lerezana* (primeiro tercio do XX), cuxa organización se lle atribúe a Sebastián Dios, formada por máis de trinta membros que pola súa calidade musical foron merecentes de actuaren no teatro Principal; os músicos e cantantes do teatro de "titeres" Barriga Verde que tanto actuaban diante da barraca para atraeren o público, como dentro dela, sendo os principais artífices o propio Barriga Verde e as fillas Celia e Saladina; e Enrique Blanco, un meticuloso artesán de acordeóns, que traballou no taller de Poceiro, no Burgo.

## MÚSICOS DESDE NENOS

A maioría dos protagonistas da exposición sentiron desde moi novos a fascinación pola música. Marilu e Feli cantaban desde os cinco anos na festa dos rapaces onde teñen gañado varios premios. Severiano comezou indo a clases particulares de solfexo ós sete anos e ó ano seguinte xa entrou no conservatorio. Guillermo Lavía, desde os oito anos, tocaba cos seus amigos no faiado dos avós desde onde abouxababa os veciños de Casal Novo coas súas rechiantes notas. Á mesma idade, Sabino Chan comezou solfexo e piano con dona Segunda (muller de Poceiro) e ós trece anos xa tocaba nos Tony's; Aurelio o *Beisudo* comezou a solfexar ós nove anos e ós dez ingresou na Banda de Pontevedra da man de mestre Córdoba co que continuou a formación musical; Diosiño solfexaba desde moi neno e os trece anos actúa por primeira vez en Portonovo. Entres os doce e dezaseis anos de idade comezaron a formarse moitos dos nosos músicos, así, por exemplo, Sabino Outeda ilusionouse coa música cando estudaba bacharelato no Instituto a Xunqueira I e Pepe Simón foi a clases de violín que pagaba co que gañaba de aprendiz de carpinteiro.

Alguns músicos iniciáronse en grupos tradicionais e despois incorporáronse a orquestras de baile. Tal foi o caso de Jaime o Simón que, con doce anos, comezou tocando o tambor cos *Jaita* do Castelo e despois percutiu a batería en sonadas orquestras ou Antonio Barrio que tocou a gaita na agrupación da *Asociación de Veciños* e hoxe é un bo trompetista. Noutros casos, aprenderon solfexo e axiña se incorporaron a bandas de música como José González "Carballo" e Ramos, que comezaron a tocar nas bandas de Pontevedra e Vilagarcía respectivamente. Claro que non faltaron aqueles que aprenderon da man de destacados mestres como Juan Serrano que ensinaba na rúa Real, Rubén Albar, director da Banda de Pontevedra, que o facía na Casa do Barón ou don Bernardino que daba clases de trompeta na rúa Marqués de Aranda. Outros músicos formáronse en conservatorios superiores: Manuel Barrio aprendeu trompeta no de Vigo e Severiano Casalderrey titulouse como profesor superior de piano no de Santiago.

Un caso especial é dos gaiteiros. A maioría deles aprendeu e tocou toda a vida de orella coma *Franquiño* que ademais se atreveu con outros instrumentos; incluso algúns coma José Castro, o *Maneta*, foron totalmente autodidactas. Outros tiveron recoñecidos mestres, como Juan Casalderrey que aprendeu a gaita con Xoan Costa, Félix Curra e Xosé L. Miguélez. Non faltaron os que despois de iniciarse cun mestre foron autodidactas como Álvaro Novegil que comezou cos Míguez da Piolla e continuou autoformándose seguindo a escola de Agustín Portela -con quen tiña unha estreita amizade- chegando a ser unha autoridade no toque pechado porteliano.

É curioso comprobar que a ilusión que moitos dos músicos máis vellos sentiron pola arte de Orfeo provocou que, diante da imposibilidade de mercar instrumentos, trataban de fabricalos con materiais ó seu alcance: amañaban canas para obter as frautas e punteiros, preparaban paus que facían de baquetas e empregaban olas vellas e envases de lata baleiros para montaren tambores e outras percusións. Así o fixeron Pepe Simón, Franco, Manolo e Pepe o *Jaita*, Pepe o *Maneta* e outros máis.

A maioría dos músicos e cantantes tiveron ou teñen outra profesión (xastre, canteiro, barbeiro, policía, administrativo, taxista, carpinteiro, etc.) que retomaron cando se retiraron dos palcos, aínda que moitos deles seguen vencellados á afección da súa vida: Ramos segue na Banda de Pontevedra,

Aurelio colabora co coro de Montecelo, Feli fai algunhas actividades relacionadas coa canción, Elías, que deixou de tocar hai case vinte anos, di que non se retirou da música porque a precisa *para estimular o ánimo* e Félix Cons segue a facer arranxos para prestixiosas voces da canción e teima con dar concertos solidarios para unha ong.

## A PRESENZA FEMININA

A presenza na exposición de mulleres relacionadas coa música non igualou cuantitativamente a dos homes. Isto non é nada raro, pois sucede o mesmo na vida real. Pero, se cadra, calquera espectador puido quedar coa impresión de que a diferenza era moito máis notoria do que efectivamente foi, pois, malia figuraren expresamente só tres mociñas cantantes, houbo unha cumprida representación feminina. Marilu e Feli cantaron na orquestra Copacabana, dos nove ós dezaseis, período que lembran con certa saudade, igual que Vanesa que o fixo posteriormente dos trece ós dezasete. Pero os grupos de música tradicional contaron con abundantes exemplos de nenas, mozas e non tan mozas que participaron da afección musical tocando, cantando e sobre todo bailando. Atopamos gaiteras como Amparo de *Vagalume*, que ademais era profesora de baile, e como Monserrat, de *Airiños do Lérez*, que facía dúo co seu irmán; do mesmo grupo, Teresa Míguez dirixía a sección de danza e Ángeles tanguía o tambor.



Unha das formacións de Copacabana. Con Marilú e Feli en primeiro plano.

Pero, como dicimos, foi no baile tradicional onde atopamos a maior participación feminina, pois grupos como o *Centro Cultural de Lárez*, *Airiños do Lárez*, *San Benitiño* e *Os Vagalumes* tiñan a súa sección de danza na que primaba o xénero feminino. Jenny, Pilar, Ángeles, Bea, Susana, Elena, Eva e Rosi son algúns exemplos de bailadeiras, algunhas delas, como M<sup>a</sup> Jesús, tamén tocaban a gaita e moitas outras, como Almudema (de *Celme*), a pandeireta.

## OBXECTOS E AUDICIÓNS

A gran parte dos obxectos que se mostraron na exposición foron cedidos xenerosamente por músicos lerezáns. Alí estaban os instrumentos de corda (guitarras varias, un guitarrón mexicano, violíns...), os de vento (acordeóns, trompetas, clarinetes, trombóns, harmónicas, gaitas...) e percusión (bombo, pandeiretas, pandeiro...), e unha chea de obxectos de uso común como botellas, claves e cunchas, que tamén se empregan como percutores musicais. Ó lado deles mostráronse traxes, tanto tradicionais (de home, muller e nena) como de orquestra de baile. Os visitantes tamén puideron ver carteis, discos de vinilo e compactos, dípticos de concertos, partituras, diplomas, publicacións, recortes de prensa e outros materiais que completaban a mostra.



Juan Dios Vilas

Pero, se cadra, a orixinalidade desta exposición foi a de introducir audicións musicais, feito que lle acaeu moi ben tendo en conta o tema tratado. Na inauguración, José Simón, cos seus 87 anos, alegrou o acto interpretando co acordeón

unhas pezas que foron moi aplaudidas. Ese mesmo día pola tarde Canosa a Ramos actuaron no patio contiguo á exposición diante dunha nutrida concorrencia que, fascinada polos cantos e melodías, obrigounos a prolongar notoriamente a actuación ó grito reiterado de *outra!, outra! outra!* A última das audicións musicais protagonizouna Félix Cons que volvía cantar despois de máis de trinta anos de silencio e facíao precisamente no seu Lárez natal. Ofreceunos un concerto no que estivo acompañado de Nicky Csorba coa fruta travesa e de Toñito de Poy nunha colaboración de amizade. Con mestría, emoción e compromiso, Félix arrincou intensos aplausos do público que abarrotaba o salón.

## O PODER EVOCADOR

Pero a carón dos aspectos visibles e audibles, esta mostra tivo, o mesmo cá música, unha relevante potencia evocadora. Así como unha melodía ou unha canción poden espertar vellos recordos, incluso aqueles agochados nos labirínticos recunchos da memoria, *Coa música a esta parte* trouxo á maioría dos artífices a lembranza de amigos, de familiares, de lugares e mesmo de anécdotas que non deixan de contar. A Pepe Simón, cando era moi novo, viñéronlle as bágoas ós ollos ó perder o contrapunto tocando a *Cumparsita* na Illa de Arousa. Tamén a Ramos, actuando nas festas de Dorrón, metéuselle unha avelaiña nun oído producíndolle un zunido que lle impediu seguir tocando ata que lla quitou o médico de Combarro. Sabino Chan, ós trece anos, perdeu o medo a navegar camiño da Illa de Arousa onde ía actuar por primeira vez en público, pois o temporal balanceaba o barco por cuxa cuberta roleaban os instrumentos. Celso Simón, fillo de Juan, fálanos das dificultades dos traslados: para tocaren en Quireza, por exemplo, saían o domingo despois de xantar no autobús de liña ata Vichocuntín e de alí tiraban andando cos instrumentos ó lombo ata o salón de baile; volvían o luns no coche do leite ata Cerdedo onde esperaban o *Auto Industrial* que os había traer a Pontevedra. Por contar só unha máis, citaremos a anécdota de Carlos Argibay quen, na romaría do Cristo de Xende, tivo que actuar coa orquestra Montecarlo sobre un camión por falta de palco.

Se cadra, outras lembranzas teñen un carácter máis entrañable. Cando Santi González nos di como ós catorce anos, na festa de san Brais de Verducido, subiu ó palco un pouco nervioso e cantou marabillosamente *Adios España*, acompañado da orquestra *Brasil* que lle deu esa oportunidade, está a nos contar de que xeito se deu a coñecer como cantante. Aurelio o Beisudo amenizou, coa orquestra Sur, unha voda de luxo no Hostal dos Reis Católicos de Santiago e pagáronlles tan ben que, cando lle entregou o diñeiro cobrado á nai, esta chegou a pensar que o conseguira por malas artes. Manolo o *Picolo* explica que o de cantar vénlle de familia: súa nai cantaba lavando no Rial e seu pai, nas festas parroquiais, subía espontáneo ó palco e interpretaba unhas cancións. Manolo o *Jaita* explícanos como o pai, ó deixar de tocar en grupos, pendurou a súa “gaita grileira” na parede do salón, prohibíndolles collela ós da casa, pero iso non impediu que el e o irmán Pepe vivisen fascinados pola música tradicional desde pequenos. Non podemos deixar de citar o enxeño do pai do Diosiño, José Benito Dios, de quen se di que, para atraer xente ó baile de Vilagarcía onde el ía actuar o día de santa Rita, saíu pola rúa tocando co acordeón ás costas.

## UN LATEXO EMOCIONANTE

Se hoxe tivese que propoñer un título para esta exposición talvez escollería un que levase a palabra *emoción* non só porque a música pode provocar variados sentimentos emocionantes, senón tamén porque *Coa música a esta parte* fixo que moitos dos músicos e cantantes se emocionasen de

verdade con ela. Uns mostraron a emoción polo feito mesmo de estaren presentes na exposición: a Donato Moldes brillábanlle os ollos ó verse nun panel co nome de *Donal Caruso*; cando falamos desta exposición con Elías Simón, axiña preguntou alborozado *que teño que facer e onde teño que ir*; Guillermo Lavía quedou encantado da oportunidade que se lle ofrecía de aumentar a súa popularidade. Pero, se cadra, a maior das emocións mostrárona Canosa e Félix Cons ó cortáselles a voz nalgún intre das respectivas actuacións que, como excelente e desinteresada achega, animaron a exposición.

Outros sentiron a emoción ó se lles proxectar na mente a película da súa andaina musical, se cadra acompañada da banda dos seus sons. Así, por exemplo, *Franquiño* entusiasmábase falando de como comezou a tocar cunha frauta de cana, de como aprendeu a tocar o clarinete e o saxo, de como ensaiaba os grupos e tamén de como fabricaba palletas, punteiros e roncóns. Teresa de Airiños do Lérez sente orgullo do seu grupo, das actuacións por Portugal e no auditorio *García Barbón* de Vigo, loadas estas pola prensa. Felisa sorri satisfeita cando nos conta anécdotas como a de lle regalaren flores do campo como signo da admiración que lle tiñan os adolescentes dalgúns lugares onde actuaba. O Barbeito narraba apaixonado o momento en que lle presentaron a Antonio Machín co que conversou amigable e persoalmente. Manolo Pérez non disimula a ledicia lembrando os quince días que estivo coa orquestra Copacabana en Bos Aires invitado polo *Club Deportivo Español*, nin oculta a fachenda de ter acompañado a senlleiras voces da canción española na TVG. E así podíamos seguir.



*Felix Cons no recital do oito de agosto do 2009 en Lérez.*